

2. A CANTIGA DE AMOR

1. Introducción

Foi o xénero máis prezado e cultivado polos nosos poetas medievais. A súa composición era signo de refinamento e habilidade literaria.

Era o reflexo dunha moda cultural: o trobadorismo provenzal (*a cançó occitana*), pero tivo unha fórmula poética orixinal.



2. O código de amor cortés

É unha filosofía do amor que floreceu na Provenza a partir do século XI. Era unha concepción da Europa Medieval que expresaba o amor en forma nobre e cabaleiresca. Supón unha visión platónica e mística do amor.

a. Trazos

- Orixe cortesá da dona
- Total submisión do namorado á dona. —> Transposición das relacións sociais do feudalismo vasaláticas:

lealdade —> **fidelidade,**

servizo —> **amor**

protección —> **ser amado** (estar baixo amparo, baixo os brazos da señor; en definitiva: ser amado)

- A dona é distante e admirable, compendio das virtudes físicas e morais.
- O estado amoroso é un estado de graza que ennobrece a quen o practica.
- Os namorados son de condición aristocrática, aínda que é común que o namorado sexa de condición social máis baixa.






- Trátase dun amor adúltero polo que o trobador oculta o obxecto do seu amor, o nome da dona (discreción).
- Prendas ou *doas* como sinal amoroso.
- Estratificación do amor: Cómpre superar un longo proceso que pasa por varias etapas para recibir, ao final, o favor da dama. Os nomes dados a estas etapas pola literatura provenzal son:



- ❖ **Feñedor** —→ Suspirante. É o desgraciado trobador que sofre de amor pola súa dama, pero sen se atrever a se dirixir a ela para lle dicir o que sente.
- ❖
- ❖ **Precador** —→ Suplicante. É o poeta que se dirixe á súa amada pregándolle que o acepte e que lle conceda o seu amor.
- ❖
- ❖ **Entendedor** —→ Aceptado. A dona permítelle que sexa o seu trobador, que a loe e que lle cante os seus sentimentos.
- ❖
- ❖ **Drudo** —→ Correspondido. A dona cae nos brazos do trobador, admíteo na súa intimidade. Este estado frecuente na lírica provenzal, non se alcanza nunca na nosa cantiga de amor.



b. Influenzas

Feudalismo —> Relacións vasaláticas señor ↔ vasalo que se trasladan ás relacións muller ↔ home: **servizo, lealdade, protección.**

Cristianismo —> Imaxe da muller próxima á Virxe María: a muller é a suma de todas as virtudes. Divinización da muller.

Neoplatonismo —> Concepción mística do amor como unha ascese (perfección moral), nun camiño de elevación moral que debe levar ao namorado a ser merecedor dos favores da dama. O mundo é un reflexo da beleza suprema, e o home, desterrado do mundo, debe aspirar a alcanzar a absoluta felicidade, unha anticipación da gloria divina a través do amor e da contemplación da beleza. Así, o amor é un camiño que conduce a Deus, unha forza que eleva ao absoluto, á verdade suprema.



3. A cançó provenzal e a cantiga de amor

a) Elementos occitanos:

- Teoría do amor cortés.
- Descrición da natureza.
- Análise introspectiva do sentimento amoroso.
- Uso na lingua de provenzalismos: *sem*, *cor*, *eire*...

b) Modificacións autóctonas

- Tendencia a esquematizar as características provenzais.
- Menor finximento, maior sinceridade.
- Non hai apenas descrición da natureza.
- Uso tópico das características físicas e morais da *senhor*.
- Simplificación da temática do amor cortés.
- Contaminación co xénero de amigo: uso de paralelismos e refrán, presenza esporádica da nai, de El-Rei nos temas...
- Desaparecen ou modifícanse os personaxes característicos da cançó como o *gilos* (celoso) ou os *lausengiers* (maldicintes).


4. A forma da cantiga de amor

a) Trazos:


- Maior número de composicións de mestría que nas de amigo
- número de versos por estrofa adoita ser maior
- Paralelismos imperfectos

b) Recursos:

Dobre —→ repetición dunha palabra en dous lugares simétricos dunha estrofa.



Palabra-rima —→ utilización da mesma palabra en posición de rima (final de verso) en pares de estrofas ou en estrofas illadas.



Mozdobre —→ repetición dun lexema con variación.

Pero tal coita hei d'amor
que maior non pod'hom'haver,
non **moiro** nen hei én ¹sabor, ¹pracer
nen **morrerei** a meu poder,
porque sempr'atend'haver ben
da dona que quero gran ben.

Rima-derivada —→ repetición dunha palabra con variación en posición de rima en pares de estrofas ou en estrofas illadas.

Amigos, nom poss'eu negar
a gram coita que d'amor **hei**, ¹louco
ca me vejo ¹sandeu andar,
e com sandece o direi
os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assi.
(.....)
Pero nom devia a perder
home que já o sem nom **há**
de com sandece rem dizer,
e com sandece dig'eu já:
os olhos verdes que eu vi
me fazem ora andar assi

Palavra perdida —→ Verso inserido no corpo da estrofa que non rimaba con ningún dos outros da mesma estrofa (proba de mestría).

Os que non aman nen saben d'amor
fazen perder aos que amor han.
Vedes por que: quand'ant'as donas van,
juran que morren por elas d'amor,
e elas saben pois que non é'ssi; ¹perdo
e por esto ¹perc'eu e os que ben
lealmente aman, segundo meu sén.

Finda —> grupo de versos, en número menor á estrofa, que aparece no remate da cantiga para reafirmar ou completar o sentido da composición.

Meus amigos, muito mi praz d'Amor
que entend'ora que me quer matar,
pois mi a mi Deus nom quis nem mia senhor,
a que roguei, de me del ¹emparar; ¹protexer
e por en quanto m'el quiser matar
mais cedo, tanto lho mais ²gracirei. ²agradecerei


Ca bem me pode partir da maior
coita de quantas eu oí falar,
de que eu fui, muit'i há, sofredor
– esto sabe Deus que me foi mostrar
ũa dona que eu vi bem falar
e parecer, por meu mal, eu o sei!

Ca muit'i há que vivi a pavor
de perder o sem, com mui gram pesar
que vi despois; e por en gram sabor
hei de mia morte, se mi a quiser dar
Amor e a que me fez gram pesar
veer daquela rem que mais amei.


Mais esso pouco que eu vivo for,
pois assi é, nom me quero queixar
deles: mais el seja seu traedor
se me nom mata, pois nom poss'achar
que[m] me lh'empare; e se me del queixar,
Deus nom mi valha, que eu ³mester hei: ³necesito

ca, pois m'eles nom querem emparar
e me no seu poder querem leixar,
nunca per outrem emparado serei.

Ata-finda —→ concatenación de estrofas mediante encabalgamento, polo cal o significado dun verso complétase no verso seguinte, o dunha estrofa na estrofa seguinte, e o da última estrofa na **finda**.



Encabalgamento —→ Proceso poético que consiste en completar a idea dun verso no verso seguinte, sen coincidir, a pausa métrica coa pausa sintáctica.



Outros recursos estilísticos

- **Antíteses:** *pois meu mal é quanto ben vós habedes*
- **Hipérboles:** *máis que todas as do mundo val*
- **Paradoxos:** *Cuidand'en vós, houv'a morrer assí
e, cuidand'en vós, señor, non morrí*
- **Comparacións:** *Com'antr'as pedras bon rubí
sodes, antre quantas eu vi*
- **Perífrases:** *A que teñ'eu por lume destes ollos meus → mia senhor*
- **Metáforas:** *lume destes ollos*

5. Temas

a) **Eloxio da dona** → Preséntase como a suma de todas as virtudes físicas e morais (bom parecer, ben talhada, bom sem...). É unha muller, pois, na que se idealiza sen exemplificar:




- **O seu sem** → O seu sentido común, o seu xuízo.
- **A súa mesura** → O seu saber estar. A mesura é clave na actitude da dama fronte ao trovador xa que reflicte o equilibrio entre razón e paixón. Ao mesmo tempo tamén a mesura é un dos requisitos da lealdade do trovador con respecto a dama. No seu caso significa o trato respectuoso e delicado cara á dama.
- **O seu prez** → O seu valor, o que vale, os seus méritos, a súa reputación.

O eloxio, que nunca se exemplifica, aparece en xeral nos primeiros versos, pero pode reiterarse paralelísticamente ao longo da composición.

Expresións: *fremosa senhor, melhor de quantas e no mundo son, fremoso/bon parecer, mansa, mesurada, falar mui ben e riir melhor...*

A declaración de amor do poeta → Manifestáase a través dunha serie de breves enunciados ao longo da composición.

Expresións: *amar muito, querer ben, amor, lume destes meus ollos, a que amo máis que outra ren, dona que quero ben...*





A reserva da dama —→ Céntrase na actitude da dona con respecto a súa relación co poeta que se presenta de forma moi ampla e variada:

- ➡ O segredo, a prudencia e a discreción preside a relación de amor.
- ➡ A prohibición de vela ou de falarlle imposta pola dama ao poeta
- ➡ O rexeitamento e despreocupación pola sorte do namorado.

Nesta situación, o poeta só poderá:

➡ **“amar”** (ou “*querer bem*”, ou “*querer amor*”) e **“servir”**.

➡ Terá que **ocultarse** antes da dama que dos “*miscaradores*” (delatores ou murmuradores) e os “*gardadores*” (vixiantes).

➡ Vivirá nun **continuo temor** (“*recrear*”, “*temer*”, “*pavor*”, “*medo*”) de que unha imprudencia verbal súa ou un exceso de curiosidade allea poida delatar á señora que é ela a destinataria do poema, o que provocaría a súa ira e a súa vinganza.



Expresións

- O segredo, a prudencia que preside a relación de amor: *mesura, razón, non dicir, desmesura...*
- A imposición ao poeta de non vela ou falarlle: *alongar, alongado, mandar ir, fazer partir...*
- O rexeitamento ou despreocupación pola sorte do namorado: *ser sañuda* (anoxada), *irada, irse, desamar, desamparar, fazer mal, leixar morrer...*



A coita de amor —→ Provocada pola imposibilidade da realización amorosa.

1) O trovador confesa repetidamente o seu amor pola súa señor, aínda que ás veces o oculta por medo á saña da muller ou por medo aos intrigantes.

2) Cando supera este estadio dirixe as súas queixas ou súplicas á dama, pero esta vese pouco inclinada a aceptalas. **Este amor non correspondido lévao á coita.**

3) Entón o namorado bota a culpa dos seus males a Deus, ao Amor ou á propia dama.

Como se observa é unha **relación desequilibrada**, marcada polo poder, ao verter no amor as regras feudais, que transforma ao trobador en vasalo.

En resume, a coita de amor caracterízase como **o elemento que sinala a desdita** á que está predestinado o namorado. O amor é así doenza, frustración, pena, dano. A coita leva consigo non só a pena, senón tamén a imposibilidade de acadar a correspondencia amorosa, que conduce á **loucura de amor** ou á morte por amor, tópicos reiterados dos efectos da coita e que demostran a entrega suprema á dama.

Fronte á ledicia occitana (*o joi* ou *gozo de amor*), a coita, o amor non correspondido, define a cantiga de amor galego-portuguesa. Hai, porén, un pequeno número de cantigas onde se manifesta unha superación da coita e certa presenza da alegría de amar.

Expresións: *coita, doo, penar, sofrer, lazerar, chorar, sandecer/ensandecer* (tolear), *perder o sen, perder o sono, morrer...*

6. O preámbulo

A marca de xénero das cantigas de amor vén determinada por unha apóstrofe (interpelación) inicial que funciona a modo de preámbulo e que aparece sempre na primeira estrofa (en case na metade das composicións no 1º verso) e que pode cumprir tres funcións:

- Servir como marca de xénero
- Condicionar o aspecto rítmico-estrófico
- Determinar a temática de cada composición.

As formulas deste apóstrofe inicial repítense: *senhor, mia senhor, senhor fremosa, mia fremosa senhor, boa dona, boa senhor, ben talhada, melhor das que eu sei...*

Este preámbulo pode servir para: que o poeta declare o seu amor pola súa “senhor” ou para que expoña a súa situación persoal (**pobre de min que vin muller coma esta; amo a tal punto a miña señor que non sei que facer; nunca ningún se atopou nas miñas condicións...**)

“Senhor, eu vivo coitada
vida, des quando vos non vi...”

Outras veces é unha apóstrofe dirixida a *Deus, aos amigos, ao Amor...*

“Amigos, non poss’eu negar...”



Finalmente outras cantigas non teñen preámbulo e comezan coa presentación do tema principal:

“Quer’eu em maneira proençal
fazer agora um cantar d’amor...”
e quereí muit’i loar mia senhor
a que prez nen fremusura non fal, (...)

Desde o punto de vista do contido podemos caracterizar a cantiga de amor como a suma dun preámbulo e varios campos sémicos.

7. Os personaxes

Na cantiga de amor hai dous personaxes principais:

1) **A muller** (a senhor, a dona...). A dama é unha muller idealizada e inalcanzable, de trazos fixos e convencionais, que, polo xeral, poden ser intercambiáveis nos distintos poetas e nas distintas composicións.

- A descrición física redúcese a fórmulas repetidas que aluden a unha beleza exterior inconcreta por medio do adxectivo *fermoso* (senhor fremosa...) ou doutras variantes expresivas como *bon parecer* e *bon semellar*. Menos frecuentes son referencias como *ben tallada*, *de corpo delgado*, *branca e vermella*...
- Do carácter, os valores máis apreciados son a afabilidade (*falar manso*), a conversa agradable e sensata (*falar ben* e *en mellor razón*), o encanto (*graça*) e o poder sedutor do riso e a mirada (*rir fremoso*, *catar fremoso*)
- Do retrato moral sobresaen a bondade (*comprida de ben*), o sentido común (*sen*), a discreción (*mesura*), a valía (*prez*), e a lealdade (*leal*)

2) **O namorado**. Vive nun permanente estado de angustia (*coita*), sen posibilidade de obter recompensa en forma de correspondencia amorosa (*ben*, *galardón*, *prol*, *mercee*, *grado*). O trovador namorado vive un amor intenso, non correspondido, que, con frecuencia, o leva á loucura (*sandece*, *fol*, *folía*) ou á morte (*morrer de amor*). Por fidelidade á dama, ama sen agardar outro premio máis que ser o seu leal amador e servidor: a mellor maneira de servila e trobar.



8. Interlocutores

O destinatario directo da cantiga acostuma ser a **dama**.

Non obstante, malia que apareza o vocativo *senhor*, algunhas veces o namorado diríxese a **un auditorio indeterminado**, a **uns amigos**, a **Deus** ou mesmo ao **Amor** como ente personificado e responsable do seu namoramento.